

JORNALE 21 05 2010 10 2

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 18/05/10 POLA QUE SE REGULA A REALIZACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, no seu artigo 12, establece que as ensinanzas de grao concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de Grao e que terá entre 6 e 30 créditos e deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estará orientado á avaliación de competencias asociadas ao título.

Nas *Liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións oficiais reguladas polo RD 1393/2007* sinalase que o Traballo de Fin de Grao terá entre 6 e 30 créditos e só poderá inscribirse unha vez superados 150 créditos, entre eles todos os da primeira metade da titulación.

A presente regulación pretende establecer as liñas básica para a uniformidade na regulación destes Traballos de Fin de Grao (TFG), pero coa suficiente flexibilidade para que os propios Centros poidan establecer os aspectos de procedemento propios de cada titulación.

### PRIMEIRO.- OBXECTO

Esta resolución ten por obxecto a regulación dos traballos de fin de grao en titulacións adaptadas ao EEES e que outorguen títulos ao abeiro do Real Decreto 1393/2007.

### SEGUNDO. OBXECTIVOS DO TFG

Os traballos de fin de grao consistirán na elaboración, por parte do/a alumno/a, dun traballo no que se acrediten os coñecementos e destrezas adquiridas durante os estudos realizados nas titulacións de Grao. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e, no seu caso, presentación.

Cada TFG realizarase por un só alumno.

### TERCEIRO.- COMPETENCIAS DO CENTRO

É competencia do Centro, a través do órgano que se determine, establecer os procedementos de elaboración do TFG e a súa avaliación sempre respectando a presente Resolución. En particular terá as seguintes funcións:

- Establecer a convocatoria anual ou unha regulación propia xeral
- Determinar os sistemas de titorización
- Aprobar a proposta dos temas dos TFG e a súa asignación
- Modificacións de temas e director/a asignado
- Características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo...)
- Aprobar os criterios de avaliación
- Aprobar os Tribunais de Avaliación
- Autorizar e establecer as datas de presentación dos TFG.

A Xunta de Facultade aprobará e publicará os períodos de presentación do TFG, xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

#### **CUARTO.- MATRÍCULA**

A matrícula realizarase nos prazos establecidos para a matrícula ordinaria, conxuntamente coas materias que teña pendente de superar para completar os estudos do Grao, de ser o caso.

A matrícula dará dereito a unha soa presentación do traballo e reportará os prezos públicos establecidos.

No caso de que o alumno ou alumna non se presente á convocatoria para a presentación do traballo no curso no que estea matriculado ou non o superase, deberá formalizar nova matrícula e abonar os prezos correspondentes aos créditos do traballo de fin de grao nos cursos académicos seguintes.

Para poder formalizar matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos incluídos os correspondentes ao TFG e superados 150 créditos, entre eles todos os da primeira metade da titulación.

Para a presentación e defensa pública dos traballos fin de grao será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do grao. O Centro deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de exame das materias do Grao, o secretario/a do Centro solicitará do profesorado encargado das materias que se informe sobre as cualificacións do alumnado que vaian a presentar os traballos na mesma convocatoria. Estes informes teranse en conta no momento de cualificación dos TFG. En ningún caso procederá a cualificación do TFG en tanto existan materias pendentes de cualificación.

#### **QUINTO.- TITORIZACIÓN DOS TRABALLOS**

Os traballos fin de grao deberán ter un/unha director/a que asista aos estudantes. Excepcionalmente poderá nomearse un codirector/a coas funcións que de ser o caso, determine o Centro.

O Centro e os Departamentos velarán pola dispoñibilidade de directores dos TFG, correspondentes a cada curso, e a súa asignación aos estudantes matriculados antes do comezo do segundo cuadrimestre.

O director ou directora será Persoal Docente e Investigador (PDI) con docencia na titulación ou no Centro. Tamén poderá ser PDI adscrito a Departamentos con créditos de formación básica ou obrigatoria na Titulación no Centro.

Os TFG poden desenvolverse no marco de convenios con empresas ou institucións, ou no marco de convenios de intercambio de estudantes (ERASMUS, SICUE, ...). Neste último caso exercerá como director/a o coordinador/a académico do intercambio.

O/A director/a programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo.

## **SEXTO.- CONVOCATORIAS**

O alumnado terá unha única convocatoria e unha única oportunidade por curso académico.

En función do calendario establecido polo Centro, o TFG poderá presentarse en febreiro, xullo e/ou setembro. Neste último caso antes do 1 de outubro.

O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro, a razón dunha por ano.

Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse.

Para poder realizar unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

## **SÉTIMO- TRIBUNAIS**

Cada Centro determinará a composición dos tribunais encargados de avaliar os traballos de fin de grao e os sistemas de defensa.

Os traballos serán avaliados por un tribunal composto por tres profesores/as da USC que impartan docencia na titulación, do que non poderá formar parte o director/a do traballo.

O Tribunal poderá invitar ás deliberacións ao director/a do traballo e ao codirector/a, e a profesores especializados na materia que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto. Poderá constituírse Tribunal único para a avaliación dos traballos da mesma convocatoria.

A cualificación farase pública nos taboleiros de anuncios nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

## **OITAVO.- CUALIFICACIÓNS**

Os traballos deberán ser cualificados conforme o establecido nas Normas de Xestión Académica e terán ás seguintes cualificacións:

0-4,9: Suspenso (SS)

5,0-6,9: Aprobado (AP)

7,0-8,9: Notable (NT)

9,0-10: Sobresaliente (SB)

Unha vez celebrada a última convocatoria para a presentación dos traballos de fin de grao do curso académico, e tendo en conta os traballos presentados, poderá outorgarse "matrícula de honra" a aqueles traballos que obtiveran unha cualificación superior a 9, sen que o número de matrículas de honra poida exceder do 5% do alumnado matriculado no correspondente curso académico. Se o número de alumnos/as é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra.

Naqueles graos nos que se constituíra o Tribunal único en todas as convocatorias, será este Tribunal único o que outorgue as matrículas de honra que correspondan.

Cando se constituán distintos tribunais para avaliar os traballos de fin de grao, será a Comisión Académica, unha vez celebrada a última convocatoria a que decida e outorgue as cualificacións de matrícula de honra que correspondan.

Tendo en conta que os traballos xa foron previamente cualificados polos tribunais correspondentes, a concesión das matrículas de honra farase constar nunha acta elaborada ao efecto que será asinada polo coordinador/a do grao e que será remitida á Unidade de Xestión Académica correspondente para que o faga constar no expediente do alumnado.

### **NOVENO.- ACTAS**

Elaborarase un acta individual por cada alumno/a e traballo no que constará o Tribunal cualificador e o título do traballo defendido, así como a súa cualificación e a data de defensa.

As actas estarán asinadas polos tres membros dos que un exercerá de presidente/a e outro secretario/a.

En caso de imposibilidade de asinar a acta por algún dos membros que realizaron a avaliación, esta circunstancia porase en coñecemento da Secretaría Xeral e será substituído polo decano ou director do Centro. No caso de imposibilidade deste, substituirase por quen designe a Secretaría Xeral. En todos os caso farase constar dita incidencia.

As actas estarán abertas e deberán ser cubertas nos seguintes períodos:

- Xullo: do 1 ao 30 de xullo
- Setembro: do 1 ao 30 de setembro
- Febreiro (só para alumnos/as que lle reste o traballo para completar os estudos ou que coincida co final de remate do período de estudos): do 1 ao 20 de febreiro

O alumnado matriculado que non optara por ningunha das convocatorias, figurarán na última convocatoria do curso nun acta conxunta coa mención "non presentado" que deberá ser asinada polo decano/a ou director/a.

Os alumnos e alumnas de intercambio poderán matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de Intercambios de Estudantes da USC.

Para os efectos da determinación do número de matrículas de honra estarase ao establecido nos artigos 10.6 e 15.4 da referida norma.

### **DÉCIMO.- DEREITOS DO TFG**

A propiedade intelectual do TFG correspóndelle ao alumno/a que o realizou. No caso de realizarse o TFG no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade, os dereitos do TFG serán os recollidos en dito contrato ou convenio baixo o disposto na lexislación vixente.

Unha copia dos traballos superados quedará no Centro para seu arquivo e consulta, xunto cunha copia en formato electrónico e poderán ser utilizados na Universidade de Santiago de

Compostela para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica ós seus autores.

#### **UNDÉCIMO.- NÚMERO DE CRÉDITOS**

A superación do TFG suporá a superación dos créditos obrigatorios establecidos no plan de estudos, sen que sexa posible a superación parcial ou dun menor número que os créditos asignados no Plan.

#### **DÉCIMO SEGUNDO.- ENTRADA EN VIGOR**


A presente resolución entrará en vigor ao día seguinte o da data de rexistro de saída.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Quedan derogadas cantas normas se opoñan á presente Resolución, así como as normativas internas dos Centros, que deberán adaptarse no prazo de tres meses dende a entrada en vigor desta Resolución.

Santiago de Compostela, 18/05/2010

O REITOR



Senén Barro Ameneiro